

# MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**6690** REAL DECRETO 327/2003, do 14 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación co FEOGA-Garantía. («BOE» 80, do 3-4-2003.)

O Regulamento (CEE) n.º 729/70 do Consello, do 21 de abril de 1970, sobre financiamento da política agrícola común, modificado polo Regulamento (CE) n.º 1287/95 do Consello, do 22 de maio de 1995, establece que a responsabilidade do control dos gastos da sección garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) correspóndelles en primeiro lugar ós estados membros, que son os que designan os servizos e organismos que pagan os gastos con cargo á sección Garantía do FEOGA e que os estados membros deben asumir plena e efectivamente esta responsabilidade. Así mesmo, posibilita a designación de varios organismos pagadores, establecendo nestes casos a necesidade de crear un único organismo que harmonice a aplicación da normativa comunitaria e actúe como interlocutor único nas cuestións relativas ó FEOGA-Garantía.

Por outra parte, o artigo 44 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social para o ano 2000, establece o procedemento para facer efectivo o principio de corresponsabilidade financeira segundo a cal os organismos pagadores e as administracións de que dependen deben asumir as responsabilidades financeiras que da súa actuación deriven, e determina que serán os órganos competentes da Administración xeral do Estado os competentes para propor ou coordina-los pagamentos das axudas a cada fondo ou instrumento, logo de audiencia das entidades afectadas, que resolverán sobre a determinación das referidas responsabilidades financeiras.

O Estatuto do organismo autónomo Fondo Español de Garantía Agraria, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, atribúelle, entre outros, os fins e as funcións de coordinación e información á Comisión da Unión Europea en tódalas cuestións derivadas da aplicación do Regulamento (CE) n.º 1258/1999 do Consello, do 17 de maio de 1999, e do Regulamento (CE) n.º 1663/1995, do 7 de xullo de 1995, ademais das funcións que lle corresponden na súa condición de organismo pagador de ámbito nacional das medidas do FEOGA-Garantía nas que a Administración xeral do Estado teña competencia de xestión, resolución e pagamento.

Toda esta nova normativa determina a necesidade de establecer un novo réxime xurídico relativo ós organismos pagadores dos gastos da sección Garantía do FEOGA, as súas relacións co organismo de coordinación, así como o procedemento para facer efectivo o principio de corresponsabilidade financeira.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas.

Este real decreto díctase en virtude da competencia estatal en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica prevista no artigo 149.1.13.ª da Constitución.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de marzo de 2003,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Obxecto e definicións.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer o réxime xurídico dos organismos pagadores dos gastos financiados con cargo á sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e do organismo de coordinación, así como da responsabilidade financeira derivada da súa xestión e do seu control.

2. Para efectos do previsto neste real decreto, enténdese por:

a) Organismo pagador: o servizo ou organismo autorizado para o pagamento de gastos con cargo á sección Garantía do FEOGA.

b) Organismo de coordinación: o organismo encargado de centraliza-la información que se deba poñer á disposición da Comisión Europea e de fomenta-la aplicación harmonizada das disposicións comunitarias.

c) Autoridade competente: a encargada de emitir e retirar a autorización dos organismos pagadores, nos termos establecidos no artigo 1.2 do Regulamento (CE) n.º 1663/1995 da Comisión, do 7 de xullo de 1995, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 729/1970 do Consello, no que concirne ó procedemento de liquidación de contas da sección Garantía do FEOGA.

### Artigo 2. *Organismos pagadores.*

1. Son organismos pagadores de ámbito nacional, respecto das actuacións nas que o Estado teña competencia de xestión, resolución e pagamento, con cargo á sección Garantía do FEOGA, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e o Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos da Pesca e Cultivos Mariños (FROM).

2. As comunidades autónomas disporán dun único organismo pagador das axudas respecto das que teñan competencia de xestión, resolución e pagamento, con cargo á sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, nos termos e condicións previstos no Regulamento (CE) n.º 1663/1995 da Comisión, do 7 de xullo de 1995.

### Artigo 3. *Organismo de coordinación.*

1. O FEGA será o organismo de coordinación para os efectos do previsto no artigo 1.2.b) deste real decreto e será o único representante de España ante a Comisión Europea para todas aquelas cuestións relativas á sección Garantía do FEOGA nos termos previstos no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1663/1995.

2. Cando o FEGA actúe como organismo de coordinación deberá adoptar as medidas necesarias para diferenciar esta actuación da de organismo pagador.

### Artigo 4. *Autoridade competente. Criterios de autorización.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado, a autoridade competente é o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. Correspóndelles ás comunidades autónomas determina-la autoridade competente para autoriza-lo seu organismo pagador.

3. Os criterios de autorización de cada organismo pagador serán establecidos pola autoridade competente respectiva, de acordo coas orientacións xerais que figuran no anexo do Regulamento (CE) n.º 1663/1995.

t

**Artigo 5. *Comunicacións e información.***

1. Cada Comunidade Autónoma comunicarlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a identidade da autoridade competente a que fai referencia o artigo 4.2 e remitirá, unha vez designado o organismo pagador, a acta de autorización e toda a información que se lle deba transmitir á Comisión Europea, en virtude da regulamentación comunitaria, en especial dos números 6 e 7 do artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1258/99 para o seu traslado á Comisión Europea.

2. Para os efectos de coordinar e harmonizalo contido e a forma da información que se lle debe subministrar á Comisión Europea, cada organismo pagador débelle facilitar ó organismo de coordinación canta información sexa necesaria para o cumprimento de:

a) As obrigas impostas por normativa comunitaria, en especial das contas de ingresos e pagamentos.

b) Os deberes de información necesaria para a elaboración ou proposta das medidas e normas pertinentes.

3. A información a que se refire a alínea anterior deberá ser remitida no prazo e na forma que determine o organismo de coordinación.

4. O organismo de coordinación, no ámbito das súas competencias, informará regularmente os organismos pagadores sobre os asuntos tratados nas institucións comunitarias.

5. O incumprimento do previsto nos puntos anteriores dará lugar á asunción de responsabilidades nos termos previstos no artigo 12.

6. Así mesmo, o organismo de coordinación deberalle facilitar ó organismo de certificación canta información sexa necesaria para lle dar cumprimento á certificación das contas.

**Artigo 6. *Certificación das contas.***

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado será o organismo de certificación encargado de expedir o certificado de integridade, exactitude e veracidade das contas rendidas, de acordo co previsto nos artigos 3 e 4 do Regulamento (CE) n.º 1663/1995 respecto das actuacións propias da Administración xeral do Estado desenvolvidas polo FEQA e o FROM.

2. Cada comunidade autónoma, trala autorización do seu organismo pagador, designará igualmente un organismo de certificación.

3. A Intervención Xeral da Administración do Estado, baseándose, de se-lo caso, nos certificados emitidos polos correspondentes órganos de certificación de cada organismo pagador, emitirá un certificado de integridade, exactitude e veracidade da conta única a que se refire o artigo 9.

**Artigo 7. *Obrigas dos organismos pagadores.***

1. De conformidade co establecido no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 1258/1999, os organismos pagadores deberán ofrecer garantías suficientes de que:

a) Antes de emitirla orde de pagamento, controlan que as solicitudes cumpren os requisitos necesarios e se axustan ó establecido na normativa comunitaria e nacional.

b) Os pagamentos efectuados contabilízanse de forma exacta e exhaustiva.

c) Os documentos esixidos preséntanse dentro dos prazos e na forma previstos na normativa comunitaria e nacional.

d) Dispoñen dos documentos xustificativos dos pagamentos efectuados e dos documentos relativos á

execución dos controis administrativos e físicos obrigatorios.

2. A autorización do organismo pagador supón a asunción pola súa parte e, subsidiariamente, por parte da Administración da que dependa, de tódalas obrigas e deberes establecidos na normativa comunitaria respecto ó FEOGA-Garantía e do establecido neste real decreto, en particular as correccións financeiras derivadas dos procedementos de liquidación de contas.

**Artigo 8. *Relacións entre organismos pagadores.***

1. Os organismos pagadores constituídos dentro do territorio nacional poderanse relacionar directamente entre si, con independencia de cal sexa o seu ámbito de actuación.

2. As relacións e comunicacións destes con organismos pagadores doutros estados membros ou coa Comisión Europea efectuaranse, en todo caso, a través do organismo de coordinación.

3. A aplicación harmonizada da normativa, a participación e colaboración dos organismos pagadores das comunidades autónomas efectuarase no seo da conferencia sectorial que corresponda, na forma e polos órganos que esta determine.

**Artigo 9. *Contabilidade.***

1. Os organismos pagadores levarán unha adecuada contabilidade dos pagamentos e ingresos efectuados e, de se-lo caso, dos produtos, almacenados de tal modo que permita a elaboración, dentro dos prazos establecidos, dunha conta anual de tódalas operacións con cargo ó FEOGA-Garantía.

2. A remisión da conta prevista no punto anterior, por parte dos organismos pagadores ó organismo de coordinación, realizarase xunto con tódolos documentos necesarios e nos prazos e na forma que este determine, para garantir en todo caso o cumprimento da normativa comunitaria e a elaboración da conta única que deberá rendelo Estado membro.

**Artigo 10. *Anticipo de fondos ós organismos pagadores.***

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o Ministerio de Economía, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán establecer os convenios necesarios para atende-lo prefinanciamento nacional dos pagamentos con cargo ó FEOGA-Garantía.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá subscribir convenios de colaboración cos órganos competentes das comunidades autónomas para garanti-lo prefinanciamento dos seus organismos pagadores.

3. Os fondos anticipados ós organismos pagadores das comunidades autónomas ingresarase nunha conta única e específica desde a que se efectuarán os pagamentos correspondentes. Esta conta devengará xuros nas condicións normais de mercado. Os xuros devengados por esta conta liquidaranse ó Tesouro Público trimestralmente a través do organismo de coordinación.

**Artigo 11. *Misións de control.***

O organismo de coordinación acompañará, cando o xulgue necesario ou as comunidades autónomas así o requiran, ás misións de control que os órganos da Unión Europea realicen nas comunidades autónomas no ámbito da xestión de fondos con cargo á sección Garantía do FEOGA.

**Artigo 12. Corresponsabilidade financeira.**

1. Os organismos pagadores que, de acordo coas súas respectivas competencias, realicen actuacións de xestión e control das axudas financiadas por conta da sección Garantía do FEOGA asumirán as responsabilidades que deriven destas actuacións, incluídas as que sobreveñan por decisións dos órganos da Unión Europea e, especialmente, no relativo ó proceso de liquidación de contas e á aplicación da disciplina orzamentaria.

2. O FEGA, conforme o artigo 44 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e o artigo 3 do seu estatuto, logo de audiencia dos organismos pagadores afectados, resolverá acerca da determinación das referidas responsabilidades financeiras.

3. Para efectos do establecido nas alíneas anteriores e sen prexuízo dos mecanismos que se arbitren para facer efectivo o pagamento:

a) Os organismos pagadores asumirán o pagamento das correccións financeiras, nos seguintes casos e materias:

1.º Por causas derivadas da xestión, resolución, pagamento, control e réxime sancionador de axudas nas que teña atribuídas competencias.

2.º Polas actuacións derivadas da xestión pola Comunidade Autónoma das axudas con competencias de resolución e pagamento que lle correspondan á Administración xeral do Estado e a corrección non resulte das actuacións da dita Administración.

3.º Por causas derivadas do incumprimento da obriga de informar no prazo e na forma prevista no artigo 5.

b) Será atribuíble á Administración xeral do Estado a responsabilidade das correccións financeiras impostas pola Unión Europea nos seguintes casos e materias:

1.º O incumprimento polo FEGA das obrigas establecidas no artigo 3.1.

2.º O incumprimento da obriga de establecer as medidas de coordinación dos controis das axudas, no ámbito do Sistema Integrado de Xestión e Control, así como a demora en lles comunicar ós organismos pagadores as informacións ou instrucións comunitarias cando dea lugar a pagamentos indebidos ou fóra de prazo.

3.º O incumprimento dos prazos previstos nos convenios de prefinanciamento para remisión dos fondos ós organismos pagadores cando se orixinen por este motivo pagamentos fóra de prazo.

4.º O incumprimento inxustificable das obrigas de cofinanciamento cando estes orixinen pagamentos fóra de prazo.

5.º O incumprimento ou demora da obriga de dictar os actos ou resolucións de carácter xurídico necesarios para a realización pola Comunidade Autónoma das actuacións de xestión de operacións de intervención e regulación dos mercados que lle fosen encomendadas.

6.º O incumprimento da obriga de remitir á Unión Europea a información regulamentariamente establecida cando este incumprimento non sexa imputable a unha Comunidade Autónoma.

**Artigo 13. Procedemento para a determinación da responsabilidade.**

1. Cando a Comisión Europea, como consecuencia dunha corrección financeira ou do rexeitamento do financiamento comunitario de axudas pagadas, minore os fondos remitidos ó Estado membro con cargo á sección Garantía do FEOGA, o FEGA, sen prexuízo dos eventuais recursos ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea, efectuará proposta motivada de imputación da correc-

ción ou rexeitamento, de acordo cos criterios establecidos no artigo anterior.

2. O organismo afectado disporá dun mes desde a notificación para formular alegacións, achegando a documentación que considere oportuna. En casos xustificadas, o FEGA poderá prorrogar este prazo.

3. Transcorrido este prazo e unha vez estudadas as alegacións presentadas, o FEGA, no prazo de tres meses, convocará unha reunión bilateral co obxecto de alcanzar un acordo. A reunión bilateral non terá lugar se o organismo afectado non presentase alegacións á proposta orixinal ou estas alegacións fosen asumidas. Trala citada reunión poderase establecer, de común acordo, un prazo máximo dun mes para a comunicación, se é o caso, de calquera información suplementaria que sexa necesaria para fundamentar a postura das partes.

4. Finalizado este último prazo, ou se o organismo afectado non acepta a convocatoria para a reunión bilateral ou non acode a ela, o FEGA elaborará a súa proposta definitiva.

A proposta elevarase a consulta da Comisión Sectorial de Coordinación de Organismos Pagadores, creada para o efecto en Conferencia Sectorial, e a súa decisión deberase dictar no prazo de dous meses e non terá carácter vinculante.

5. O FEGA, á vista do expediente, adoptará, no prazo de dous meses, a resolución definitiva que corresponda, que será impugnable en vía contencioso-administrativa, logo de recurso de alzada ante o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación.

**Artigo 14. Recuperación das cantidades non recoñecidas polo FEOGA.**

1. Da resolución a que se refire o artigo anterior, darase traslado ó Ministerio de Economía para que se efectúen as liquidacións, deducións ou compensacións financeiras pertinentes que se lles deban aplicar ós organismos afectados.

2. O Ministerio de Economía remitiralle ó FEGA a información relativa ás cantidades recuperadas para regularizalos correspondentes anticipos co Tesouro Público.

3. As cantidades non recoñecidas correspondentes a aquelas comunidades autónomas que non se encontren acollidas ó sistema de prefinanciamento nacional poderanse deducir automaticamente das transferencias que se realicen correspondentes ós reembolsos comunitarios.

**Disposición adicional primeira. Adaptación.**

Os organismos pagadores validamente constituídos á entrada en vigor deste real decreto deberán adaptarse no prazo de tres meses ó disposto nel.

**Disposición adicional segunda. Modo de facer efectiva a responsabilidade financeira.**

A Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira levará a cabo a liquidación, deducións e compensacións financeiras que se deban realizar como consecuencia da resolución a que se refire o artigo 13 deste real decreto, mediante a dedución dos seus importes nos futuros libramentos que se realicen por conta do FEOGA-Garantía e cos procedementos que se establezan mediante orde do Ministro de Economía, logo de informe dos departamentos competentes.